

**Rosa Ana Prada Queipo, secretaria xeral do Concello de Ames (A Coruña)**

**Certifico:** Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 5 de outubro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE VALORACIÓN (FACTOR PREZO) DA OBRA CAMIÑO DE OCA Á IGREXA (AMES).-**

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras “Camiño de Oca á Igrexa (Ames)”.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e os demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a devandita obra.

Visto o que antecede e a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal de data 3 de outubro de 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Adxudicar a realización da obra “Camiño de Oca á Igrexa (AMES)” á empresa Nexia Infraestructuras SLU, con CIF B-27802503, e nas seguintes condicións:

**A.- Prezo:** O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de sesenta un mil dez euros e dez céntimos (**61.010,10.- euros**), sen IVE.

**B.- IVE repercutible:** A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de doce mil oitocentos doce euros e doce céntimos (**12.812,12.- euros**)

**C. Prazo de execución:** O prazo de execución do contrato será de **6 meses**, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

**D.- Nomear como director** de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra camiño de Oca a Igrexa (Ames), ó enxeñeiro de camiños, canles e portos Julio C. Rojo Martínez de Estudio Técnico Gallego, SA

**E.- Resto de condicións:** O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

**Segundo.-** Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a seis de outubro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria